



P. Geibra
Kimas

Descrición do proxecto

Ceibarimas é un proxecto orientado a normalizar e dinamizar o uso do idioma galego nas artes entre a mocidade. En concreto pretende introducirse no ambiente da xente máis nova a través dos espazos de improvisación oral, isto é, o coñecido como freestyle ou rap improvisado. Nos últimos anos asistimos de maneira global, estatal e galega a un importante aumento da notoriedade do rap improvisado e, incluso, doutras formulacións de improvisación oral como os bertsolaris ou as regueifas. O ámbito do rap improvisado en concreto move cada día a máis rapaces e rapazas, tanto en eventos presenciais como online, por iso nos resultou un espazo moi estimulante para poder desenvolver o noso proxecto.

CeibaRimas é un proxecto moi amplo, que inclúe unha variedade de actividades e ferramentas das que tod@s @s usuari@s poden botar man para mellorar as súas habilidades dentro da disciplina do rap improvisado ou “freestyle”.

Actualmente, esta forma de improvisación conta con gran fanatismo por parte da mocidade a nivel mundial. Porén, tod@s @s referentes profesionais, formacións, eventos e todo tipo de actividades son realizadas en castelán, polo que pensamos que pode resultar un bo ámbito a través do cal achegarlles a promoción do uso da lingua galega.

Neste contexto, o elemento que realizamos é unha Liga anual. En liñas xerais, a Liga CeibaRimas consiste nunha competición a nivel galego aberta a todo o público, na cal as persoas participantes deben enfrontarse en batallas nas que teñen que desenvolver diferentes xogos de improvisación: rimar utilizando certas palabras dadas, rimar sobre unha temática, rimar defendendo unha postura oposta á d@ contrincante, etc.



Descrición do proxecto

Estas batallas son clasificatorias, pasando así as persoas gañadoras á seguinte fase da competición. Un xurado composto por 5 persoas expertas no mundo do freestyle, da improvisación, do rap e da lingua, que neste caso foron Nervo, cantante principal de Rebeliom do Inframundo e formador dos obradoiros CeibaRimas, High Paw, rapeira, María Lago, poeta e filóloga galega, Álvaro Alvite, rapeiro no grupo Fo Records e realizador de gran parte dos videoclips de música urbana en galego, e Marina, metade de Bratzantifa e filóloga, valoraron cada unha das fases, seguindo uns criterios de puntuación comúns, nos que se tiveron en conta as rimas, a técnica, a posta en escena, o uso da lingua, etc. Partindo destas puntuacións, obtivemos @ gañador@ de cada fase ou, no caso de empate, realizouse unha nova rolda, coñecida nesta disciplina coma réplica. Por último, as dúas persoas que máis enfrontamentos gañaron, Mog e Big Meu, disputaron o posto de vencedor@ na gran final, sendo este último o campión de competición por segundo ano consecutivo.

Esta terceira edición da Liga, non só posibilitou unha maior implicación das persoas participantes e o fortalecemento da comunidade CeibaRimas, senón que tamén permitiu crear un evento máis profesional e con maior infraestrutura, no que se incluíron concertos de artistas galeg@s dentro da programación do mesmo, coma foi o caso de Willow GHZ e Bratzantifa, así coma un espazo de artistas emerxentes coas actuacións de Lidia L. Chao, Aprendiz, Verter GZ e AtrapGZ.



Descrición do proxecto

Outro dos piares de CeibaRimas é a formación en rap improvisado en galego, orientada sobre todo á mocidade. O noso obxectivo é crear un espazo seguro no que a xente moza sinta a liberdade de poder expresarse na súa lingua a través do freestyle.

Nestes obradoiros xs participantes coñecerán, mediante unha persoa experta na disciplina, as ferramentas básicas para desenvolverse no mundo do freestyle.

Deste xeito, e xunto cos vídeos de adestramento online, conseguirán mellorar o seu nivel de improvisación para despois poder presentarse aos nosos eventos de competición.

Desde o ano 2020 realizamos máis de máis de 40 obradoiros en diferentes puntos do país con grande éxito.

Contamos con diversos formadores con experiencia neste ámbito, polo que mesmo poderían programarse varios obradoiros no mesmo día se fose necesario.

Actualmente os nosos formadores principais son Nervo, cantante principal do grupo de rap Rebeliom do Inframundo e Big Meu e Mog, 1º e 2º posto na última Liga CeibaRimas.



Obxectivos

O principal obxectivo desta Liga CeibaRimas, así como de todas as actividades realizadas baixo o paraugas do proxecto CeibaRimas, é a difusión e promoción do uso da lingua galega entre a mocidade. Para isto servímonos dunha ferramenta tan próxima a el@s como é o rap improvisado, que nas competicións de fala hispana acumula milleiros de visualizacións e esgota as entradas dos seus eventos presenciais.

En liñas xerais, no proxecto Ceibarimas temos uns obxectivos de fondo (estratéxicos) que se basean en conseguir dinamizar o uso da lingua galega entre a mocidade e a difusión dunha manifestación cultural como é a do rap improvisado. Mais, á marxe destas metas máis abstractas, tamén nos marcamos unha serie de obxectivos específicos que consideramos relevantes e disruptivos no panorama galego.

En primeiro lugar, un dos obxectivos concretos é o de dotar á mocidade de recursos desta disciplina artística en galego. Antes do inicio do proxecto fomos conscientes de que non existían, por exemplo, vídeos ou guías para facilitar a aprendizaxe ou o adestramento da improvisación oral. Deste xeito, os rapaces e rapazas que quixesen empregar recursos para adestrar, terían que pasar necesariamente polo castelán. Nese sentido, elaboramos algúns vídeos de adestramento que lles facilitamos á nosa comunidade de seguidor@s, creando boas sinerxias entre beatmakers e freestylers.

Outra das metas concretas é a creación de referentes e de precedentes de competición do rap improvisado en galego. A través das nosas redes sociais somos quen de socializar e poñer en contacto a moitas das persoas que se mostran proclives ou que manifestan o seu interese por esta disciplina lírica. Cremos que dalgunha maneira, que os rapaces e rapazas poidan ver que existe outra xente que improvisa en galego, que compite con este idioma e que finalmente incluso sae na prensa por facelo é un triunfo que non só consegue notoriedade, senón que tamén eleva o prestixio social do rap improvisado.

Por último, queremos que agrome algún tipo de tecido asociativo entre os participantes. Isto é, que ao se atopar nos nosos obradoiros presenciais e eventos competitivos, isto non quede simplemente aí e que esas mesmas persoas fagan grupo para seguiren a practicar a improvisación. De novo este ano, cóstanos que así foi c@s participantes desta Liga, que fixeron medrar o seu grupo de WhatsApp e están en contacto constante a través de redes sociais para facernos propostas tanto a nós, coma entre el@s mesm@s. Cremos que iso tamén é unha boa mostra real de termos cristalizado parte do proxecto.

Persoas destinatarias

Grazas ás referencias que temos nos países de fala hispana, a identificación d@s usuari@s neste proxecto é moi sinxela. @s consumidor@s das batallas de rap, tanto en directo cando se realizan os eventos coma en vídeo cando estes se soben a YouTube, son rapaz@s de entre 12 e 30 anos aproximadamente. É dicir, estamos falando de puberdade, adolescencia e mocidade, o cal compón un “target” moi fanático, fiel e impulsivo, que ten como soporte económico @s sú@s titor@s e/ou primeiros salarios.

En canto ás persoas destinatarias, estas poderíanse dividir en tres grupos:

- **Participantes do evento:** son todas aquelas persoas que se inscribiron para participar no evento CeibaRimas a través do formulario da nosa páxina web. Durante a fase de inscrición, tivemos un baile continuo de altas e baixas, debido á variación na dispoñibilidade d@s participantes. Aínda que as inscricións chegaron ás 36 persoas, finalmente e por motivos de traslados e dispoñibilidade, foron 22 persoas as que competiron no evento, sendo as súas idades entre os 16 e os 47 anos e cunha media de idade de 25,5 anos. Este ano contamos con moitos dos participantes das edicións anteriores, así como con moitas persoas novas que non coñeciamos e que proviñan, na súa maioría, das batallas de galos en castelán. Así mesmo, algunha das persoas participantes enfrontábase por primeira vez a unha competición de freestyle.

- **Asistentes ao evento:** o evento foi aberto para que puidera asistir quen o así desexara de forma gratuíta. Finalmente o lugar escollido para a celebración do mesmo foi a Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela, xa que na edición anterior nos deran moitas facilidade e permitíanos ter unha opción exterior na parte posterior do edificio, e unha opción interior por se chovese na zona da cafetería da mesma. A asistencia foi aproximadamente dunhas 250 persoas, co cal practicamente triplicamos as cifras do ano pasado e imos asentando a data e o evento en si mesmo.

- **Consumidor@s dos vídeos:** durante a realización do evento, este foi gravado por completo para a súa posterior subida á rede. Deste xeito, calquera persoa que non tivese a oportunidade de asistir presencialmente ou ben aqueles que queiran recordar a experiencia, poden ver o evento. Nesta ocasión, subimos tanto o evento completo á conta de YouTube de CeibaRimas, como as batallas individuais ao perfil de Instagram. O primeiro deles conta a día de hoxe cun total de case 1.100 reproducións. As batallas individuais (aínda só subidas as clasificatorias e 3 batallas da fase de oitavos) contan cunhas reproducións acumuladas de máis de 45.000. Pasaron xa varias semanas desde o evento e estes números non se estancan, polo que semella que o público continúa consumindo este contido.

Persoas destinatarias

A liga CeibaRimas inflúe, polo tanto, no conxunto do territorio galego, concentrando a todas as persoas participantes nun único día no evento de freestyle galego anual. As persoas inscritas, así coma as actuacións, tiñan procedencias moi dispares, contando finalmente con representación das catro provincias galegas, con localidades coma Ribadeo, Arbo, Malpica, Lugo, Viveiro, Pontecesures, A Coruña, etc. Polo tanto, ademais de haber unha interesante mestura interxeracional, houbo tamén sinerxias entre o rural e as cidades.

O lugar escollido para acoller este evento debía ser céntrico, ter boas comunicacións e ter un espazo adecuado para o correcto desenvolvemento da actividade. Ao ter que reunir participantes de toda Galicia, o evento debía ser nun lugar central, tanto xeográfica coma loxisticamente. Santiago de Compostela reunía todas estas características e foi por iso que resultou ser o lugar escollido.



Impacto do proxecto


Desde Ceibarimas contamos con perfís nas redes sociais Instagram e YouTube, co fin de tratar de gañar visibilidade entre a xente moza e poder crear un grupo de persoas interesadas no proxecto e no freestyle en galego.

Nesta ocasión, centramos a nosa campaña de redes sobre todo en Instagram, xa que consideramos que é a plataforma máis utilizada polo perfil de público ao que queremos dirixirnos e, de feito, consideramos esta campaña todo un éxito, dado o incremento de seguidor@s co que contamos nestes últimos meses.

A continuación, mostramos datos reais de impacto nas distintas redes sociais.

INSTAGRAM


Instagram foi a principal rede social do proxecto Ceibarimas. O equipo decidiu isto, basicamente, porque era a rede que máis se adecuaba aos usos que precisabamos mais tamén porque é a que goza dunha mellor saúde entre a xente moza. En Instagram subimos máis de 35 novas publicacións relacionadas coa Liga CeibaRimas, e gañamos máis de 500 seguidorxs na páxina desde a edición pasada.



Impacto do proxecto

YOUTUBE

Para a publicación do evento completo, utilizamos a canle de YouTube principal de CeibaRimas, na cal contamos cun crecemento de máis de 20 seguidorxs.



Como indicamos anteriormente, o vídeo do evento completo conta con case 1100 reproducións.

The screenshot shows a YouTube video player for 'Liga CeibaRimas 2023'. The video content is a promotional poster for the event, featuring a dense, colorful graffiti-style border. The poster lists performers: BRATZANTIFA, WILLOW, LIBALOHAD, APRENHIZ, VERTENZ, ATRAPUZ, NERVO, HIGH PAW, MARIA LADO, MARINA BRATZANTIFA, ALVARO ALVITE, and SEÑORA DJ. It also mentions 'CONCURSO DE FREESTYLE EN GALEGO' and '5000 EN METALICO E + DE 2000 EN PREMIOS'. The event is scheduled for 07 / OUT / 17H in Santiago de Compostela. The video player interface includes a search bar, a play button, and a progress bar. Below the video, the channel name 'Ceiba Rimas' is shown with 98 subscribers and buttons for 'Estadísticas' and 'Editar vídeo'. The video has 35 likes and a 'Compartir' button. A comment section shows 1095 reproductions and a note about the event being the 3rd edition.

Visibilidade do proxecto

A difusión do proxecto realizouse a través dunha páxina web propia, así como a través de perfís en diferentes redes sociais: Instagram e YouTube principalmente. Antes da realización do evento, este foi constantemente promocionado a través de cartaces corporativos, stories e outras publicacións. Así mesmo, enviamos unha nota de prensa a todos os medios convencionais galegos e contactamos con diferentes perfís de redes sociais que puidesen ter relación co noso evento, para que fixesen promoción do mesmo.

URL PÁXINA WEB E RRSS

Páxina web

<https://ceibarimas.gal/>

Instagram

<https://www.instagram.com/ceibarimas/>

Facebook

<https://www.facebook.com/ceibarimasimpro>

YouTube

https://www.youtube.com/channel/UCHXmOC2jC4rqbN5hYpt_PtA



Visibilidade do proxecto

APARICIÓNS EN MEDIOS

Páxinas Galegas

<https://www.paxinasgalegas.es/fiestas/liga-ceibarimas-santiago-de-compostela-25468.html>

Quincemil

<https://www.elespanol.com/quincemil/articulos/vivir/ceibarimas-a-competicion-de-rap-improvisado-en-galego-chega-a-santiago>

A tarde (Radio Galega)

<http://www.crtvg.es/rg/destacados/a-tarde-a-tarde-do-dia-17-10-2023-6286058>

Zig Zag (TVG)

<https://www.g24.gal/-/ceibarimas-en-compostela-e-eliades-ochoa-recuperando-a-buena-vista-social-club-en-lugo>

Galicia Confidencial

<http://www.galiciaconfidencial.com/noticia/242675-santiago-coroara-sabado-novo-rei-ou-raina-rap-improvisado-lingua-galega>

El Correo Gallego

<https://www.elcorreogallego.es/santiago/2023/10/14/rapero-compostelano-big-meu-martin-93313117.html>

La Voz de Galicia

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/carballo/cee/2023/10/07/span-langgl-ceense-maria-lado-xurado-dun-concurso-rap-galegospan/0003_202310C7C8993.htm

Visibilidade do proxecto

Galicia Confidencial

<http://www.galiciaconfidencial.com/noticia/243332-big-mellor-freestyler-lingua-galega-2023>

Twitch Rincón de Daniel - O Radar

Parte 1

https://www.youtube.com/watch?v=tHNhkAaCnVw&ab_channel=Rinc%C3%B3nDeDaniel

Parte 2

https://www.youtube.com/watch?v=9w67-84P4lM&t=2761s&ab_channel=Rinc%C3%B3nDeDaniel

Observatorio de Lingua Galega

<https://www.observatoriodalingua.gal/gl/actualidade/nova/celebrase-unha-nova-edicion-do-ceibarimas-un-encontro-de-improvisacion-oral-en>



Outra información sobre o proxecto

VALORES

Dentro deste proxecto, ademais da importancia do uso do galego, queremos tamén difundir uns valores concretos que escapan das habituais dinámicas das batallas de galos, que adoitan transmitir mensaxes machistas, racistas, homófobas, etc.

Neste senso, ademais de que o xurado valore negativamente este tipo de improvisacións, buscamos tamén crear un espazo cómodo e seguro para que as rapazas se animen a unirse e improvisar nos sosos eventos, obradoiros ou calquera outra actividade. Non puido ser nesta edición, xa que todas as persoas participantes foron homes, a pesar de que tivemos a inscrición dunha rapaza que non puido asistir finalmente, mais si que buscamos que houbera mulleres no escenario en todo momento para que existan referentes sólidos que poidan chamar ás rapazas en vindeiras ocasións. Sabemos que é unha liña na que aínda temos traballo, pero é algo que nos emociona e motiva.

Cabe destacar que os participantes que proviñan das batallas en castelán fixeron moito fincapé no ambiente tan diferente que hai en CeibaRimas en comparación coas competicións ás que están acostumados, xa que aseguran que este é unha escena moito máis sana, familiar e menos tóxica.

COLABORACIÓNS

En canto á loxística do evento, queriamos recalcar o apoio que tivemos un ano máis desde o primeiro momento por parte da Universidade de Santiago de Compostela xa que todo foron facilidades e bo facer.

Así mesmo, foron moitas as marcas e empresas galegas que este ano quixeron achegar o seu gran de area ao proxecto, o cal nos permitiu medrar un pouco en canto a infraestrutura e loxística. Falamos de colaboracións da talla de Estrella Galicia, Eferro, Refix, Xerais, Daveiga, etc.

Equipo do proxecto

Merenda Creativa é unha asociación cultural de recente creación. Porén a súa andanza vén de hai tempo, aínda que non con esta forma xurídica.

É un colectivo que achega a creación audiovisual a un público xenérico. Caracterízase por facelo dun xeito ameno e humano, como se dunha merenda entre amig@s se tratase. Céntranse na formación e na creación de contido audiovisual, pero tamén aplica esta disciplina a outros proxectos culturais (musicais, escénicos...).

Os proxectos culturais desta agrupación, aínda que adoitan contar con moit@s colaborador@s habituais, están encabezados por Marga R. Tilve e Román Castaño. Marga está especializada na produción audiovisual e xestión cultural, formando parte do equipo de produción de diversos programas da Televisión de Galicia e series de ficción de ámbito estatal. Pola súa parte, Román está especializado na dirección, guión e contidos, formando parte tamén na súa traxectoria de varios equipos produtores de contidos para a TVG.

En conxunto, teñen realizado vídeos para diversos concellos, compañías teatrais, empresas privadas e outras entidades, así como webseries propias. Así mesmo, están especializad@s na formación dentro do sector audiovisual para todo tipo de perfís: nen@s, moz@s, adult@s e terceira idade.

Desde o ano 2020 veñen desenvolvendo o proxecto CeibaRimas, que combina a cultura e a música, con outro dos piares da asociación, o fomento do uso da lingua galega.



P. Ceibra Kimas

contacto@ceibarimas.gal
652144996 / 625215491